

Bloque

O Rosal

Número 54. Epoca 1ª / Setembro 2011

“ Actualmente este evento converteuse máis nunha Festa do Viño que nunha Feira ”

Impreso postal sen enderezo

A Feira do Viño do Rosal precisa un novo impulso e cambio de rumbo

No BNG consideramos que a Feira do Viño do Rosal precisa un novo impulso e un cambio de rumbo para que non esmoreza. É evidente que ano tras ano van a menos as adegas e os expositores que participan na mesma. O único que non o ve é o alcalde.

Custos de participación

Para o BNG, o motivo de que nos últimos anos as adegas máis modestas estean deixando de participar, así como algún produtor de froita fresca, é o custo que lles supón participar na feira, que é inasumible. Ademais do prezo que cobra o concello polo stand e pola ocupación da vía pública, teñen que asumir outros gastos que fan moi



Alberte Alonso Pereira, voceiro municipal do BNG

cara a participación.

Unha alternativa sería, tal e como propuxo o BNG, que o concello se dote de stands propios para ofrecérllelos aos expositores a prezos máis baixos, abaratando os custos. Ademais, aínda que nun principio supoña un investimento para as arcas municipais, a medio prazo amortizaríase e poderíanse utilizar noutros eventos organizados polo concello ou por asociacións locais.

No BNG tamén pensamos que se lles debería dar prioridade aos hostaleiros do Rosal para participar na parte

gastronómica da Feira. Algúns deles xa nos teñen manifestado que non participan polos altos custos que se lles esixe.

Máis unha Festa ca unha Feira do Viño

Entendemos que actualmente este evento converteuse máis nunha Festa do Viño ca nunha Feira. O único obxectivo é comer e beber no recinto, sen que haxa ningunha programación paralela de tipo comercial para os adegueiros. As actividades paralelas existentes, unha cata e unhas xornadas técnicas, son interesantes e necesarias. Mais botamos en falla que na Feira non se organicen encontros de tipo comercial, sobre

todo enfocados ás adegas máis pequenas e modestas, que son as que teñen máis problemas de comercialización, por careceren dos medios das grandes adegas.

Finalmente, pensamos que no concello deberían ir pensando en darlle un impulso e un cambio de rumbo á Feira, para que volva ser atractiva para os adegueiros e os produtores do Rosal. De non facelo, a Feira seguirá decaendo e terminará sendo unha mera Festa do Viño organizada polo propio concello.

Edita: BNG O Rosal



www.bng-galiza.org
orosal@bng-galiza.org

O BNG esixe que se executen as obras dos pasos de peóns na zona urbana

Tres anos e medio despois de aprobarse a proposta para poñer pasos de peóns sobreelevados na zona urbana, aínda non se levaron a cabo as obras que xa foran anunciadas como inminentes no 2010.

Esta proposta foi realizada polo BNG en

xaneiro de 2008 e aprobada por unanimidade. No pasado pleno volvemos preguntar por estas obras. A resposta do alcalde foi que se realizarán antes de finais de ano. Exactamente a mesma que deu o ano pasado.

Dende o BNG pensamos que, dada a perigosidade que supoñen os pasos de peóns tal cal están, pola velocidade á que circulan algúns vehículos, estas obras deberían ser prioritarias. Non chega con que o PP nos aprobe as propostas, hai que executalas.

Pancartas con contidos machistas

Nos últimos anos, púxose de moda colocar pancartas anunciando vodas. Algunhas presentan contidos claramente machistas. No pleno de xullo, o BNG preguntoulle á concelleira da Muller se tiñan pensado facer algo ao respecto.

Nós pensamos que o Concello, coas ordenanzas vixentes na



Noemí Baz, responsábel da Muller

man, pode retirar de oficio as pancartas que non teñan o preceptivo permiso municipal. Tamén pode denunciar ante o Instituto da Muller aquelas empresas publicitarias que coloquen valados con contidos que atentan contra a dignidade das mulleres.

O momento do cambio de balizas na praia de Eiras foi pouco oportuno

É evidente que cando algo está en mal estado hai que cambialo. Pero cambiar o balizamento que sinala a zona de baño nunha praia en pleno verán, non é o momento máis oportuno. Estivo máis dunha semana sen sinalizar. Isto é o que fixo o PP. Nós pensamos que houbo tempo antes, ou se non, deixase para despois.

Denunciamos os cortes no servizo ADSL no Rosal

O BNG denunciou, no pasado mes de xullo, os cortes no servizo ADSL de Movistar no Rosal. Solicitamos que o concello lle solicite á empresa subministradora do servizo, a resolución dos problemas que poidan existir na maior brevidade posible, e que os arranxos se fagan no horario menos prexudicial para a actividade da administración e empresarial.

O BNG solicita que se laven periodicamente os contedores de lixo

No verán as altas temperaturas fan que os restos de lixo provoquen malos cheiros nos contedores. Malos cheiros que resultan molestos cando están ao lado das vivendas ou en lugares frecuentados pola xente.

Por esa razón, e despois de recibir queixas dalgúns veciños, o BNG solicitou a limpeza periódica dos contedores de lixo. Esta debería ser unha práctica habitual e non habería que esperar a que cheiren mal para limpalos.

O BNG, segunda forza política con 593 votos e dous concelleiros

O pasado 22 de maio o BNG converteuse na segunda forza política do Rosal. Acadamos 593 apoios, un 15,20% dos votos e pasamos de un a dous concelleiros.

Queremos agradecer o esforzo de todas as persoas que colaboraron con nós e nos apoiaron nas eleccións municipais. Este apoio obríganos a redobrar esforzos no noso traballo, con responsabilidade e en favor da maioría social, esperando non defraudar a ninguén.

A primeira medida do alcalde foi subirse o salario

O alcalde custaralles aos veciños do Rosal uns 63.000 euros anuais

Faltoulle tempo ao alcalde para subirse o salario. Aproveitou o primeiro Pleno deste novo mandato para incrementar o seu salario. Pasou de cobrar 46.577,16 euros brutos anuais a 47.721,98 euros. Un incremento do 2,45 por cento que supón 1.144,82 euros máis anuais.

Polo tanto, custaralles aos veciños do Rosal uns 63.000 euros anuais, se se lle suma ao salario a cotización á Seguridade Social.

Para o BNG é pouco serio subirse o salario aproveitando a constitución da nova Corporación, cando este ano os pensio-

nistas e os traballadores públicos, entre eles os do concello, verán conxelados ou diminuídos os seus ingresos. E sobre todo, tendo en conta a grave situación económica pola que estamos a pasar.

Con este salario, o alcalde do Rosal é un dos que máis cobra no Baixo Miño.

O goberno do PP coarta o labor fiscalizador da oposición

O PP delegou unha chea de competencias do pleno na Comisión de Goberno. No pleno temos representación todos os grupos, na comisión de goberno só o PP. Ademais, o alcalde suprimiu a obriga de dar conta ao pleno das súas resolucións, pola posibilidade de consultar na Secretaría as mesmas. Polo tanto, o BNG ve minguada a súa capacidade para exercer o labor de oposición. A iso chámasele “transparencia”.



Alberto Alonso Pereira e Carlos Villanueva Domínguez, concelleiros do BNG

A remodelación da Praza do Calvario anunciada por Louzán queda nun simple asfaltado

Na presentación da Feira do Viño o presidente da Deputación de Pontevedra, Sr. Louzán, anunciou a remodelación da Praza do Calvario. No último pleno o BNG preguntou en que consistiría dita remodelación. Unha vez máis, o Sr. Louzán vendeu fume. A mellora vai consistir nun asfaltado. O BNG propuxo no seu programa a súa humanización e recuperala como espazo para o goce das persoas. Desgraciadamente, seguirá sendo un simple aparcadoiro.

O panel publicitario sobre o aniversario da Banda, só dura dúas semanas

Durante o presente ano a Banda de Música do Rosal celebra o 25 aniversario. Con tal motivo, o Concello colocou un cartel conmemorativo nun panel no cruce de Villa. Só durou dúas semanas. Foi tapado co cartel do candidato do PP con motivo das eleccións municipais.

O alcalde négalle á oposición o que lle dá ao PP

No pleno de xullo o BNG solicitou que, tal e como di a lei, se lle concedera un local a cada grupo da oposición onde desenvolver o seu traballo. O alcalde só lle concedeu un local duns 15 m² para os dous grupos, o outro local será para o propio PP. Convén lembrar que o goberno municipal xa conta con tres despachos e unha sala de reunións para eles.

Aprobada a proposta do BNG para garantir a seguridade no paso de peóns de Tabagón

No pleno de xullo, aprobouse unha proposta do BNG na que solicitamos que o concello se dirixira á administración titular da estrada Tui – A Guarda, co fin de que se adoptasen as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas no paso de peóns en Tabagón.

Guillherme cualifica a reforma da Constitución Española como un “Tejerazo” da gran coalición PP-PSOE e proclama que o BNG é a alternativa



Unha imaxe da sala do Pazo de Congressos ategada de público

O portavoz nacional do BNG, Guillherme Vázquez, cualificou a reforma da Constitución Española que consumaron PP e PSOE “sen fisuras” de “un auténtico Tejerazo político, un Tejerazo dos mercados” e proclamou que hai alternativa a todo isto e é o BNG.

Tal e como indicou Guillherme, “a gran coalición PP e PSOE eleva a categoría constitucional un dogma da política neoliberal e ilegalizan de facto calquera política económica alternativa favorábel aos intereses do pobo, da maioría social, ou favorábel ás nacións como Galiza”.

Na súa intervención pública na concentración convocada polo BNG na praza do Obradoiro a principios de setembro, o líder nacionalista cualificou tamén esta reforma de “atropelo democrático, un disparate. É antiga-lega, antidemocrática, antisocial e ademais, inútil, inconveniente e inne-

cesaria”.

O portavoz nacional asegurou que PP e PSOE “non queren debate público e propoñen a reforma en agosto, con nocturnidade e alevosía, será porque os referendos cárgaos o demo”.

“Estamos diante de feitos consumados de extraordinaria gravidade e con consecuencias desastrosas ante os que non é posíbel calar ou permanecer indiferentes”, explicou Guillherme, “as leis dítanas poderes non eleixidos por ninguén e o pobo vese reducido ao papel de figurante necesario da gran farsa”.

Con esta reforma, tal e como denuncia o BNG, impiden calquera posibi-

lidade de avance cara a autonomía

fiscal, calquera posibilidade de política económica propia. Déficit cero, democracia cero, autogoberno cero. É ao que nos conducen PP e PSOE. De disparate en disparate.

lidade de avance cara a autonomía fiscal, calquera posibilidade de política económica propia. Déficit cero, democracia cero, autogoberno cero. É ao que nos conducen PP e PSOE. De disparate en disparate.

PAGA A PENA TOMAR PARTIDO

Malia este atropelo democrático, hai enerxías sociais dispostas a frear a involución política e social. Hai forzas como o BNG dispostas a enfrentarnos custe o que nos custe á política da gran banca. Porque paga a pena tomar partido.

As propostas do BNG son claras. En primeiro lugar, reforma da Constitución NON e, xa que logo, debate libre, referendo.

“Hai instrumentos que podemos e debemos utilizar”, lembrou o portavoz nacional, “como a mobilización social e o voto e as eleccións xerais do 20-N son unha boa ocasión porque hai alternativa e é a que formula o BNG: democracia, autogoberno, soberanía política, cambio radical da política económica”.

Frente a involución, fronte a este golpe de Estado encuberto, rebelión, mobilización.

“Déficit cero, democracia cero, autogoberno cero. A iso condúcenos a gran coalición PP-PSOE”

Como contactar co BNG do Rosal:

orosal@bng-galiza.org

Sede Comarcal: Telf. 986.609.009 - Fax 986.609.001

baixominho@bng-galiza.org

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.

15703 Santiago de Compostela. 981 555 850

www.bng-galiza.org

nacional@bng-galiza.org

